- Completar unha táboa e varias frases a partir de información sobre substantivos (páx. 56 exs. 1–3)
- A partir da información da táboa, escoller o elemento adecuado para completar cada frase (páx. 56 exs. 4 e 5)
- Completar un parágrafo con elementos dados (páx. 57 ex. 6)
- Realizar un intercambio comunicativos por parellas (páx. 57 ex. 7)
- A partir de diversos exemplos, completar frases con pronomes indefinidos (páx. 57 exs. 9 e 10)

Vocabulary

- escoitar e practicar os termos da actividade (páx. 53 ex. 1)
- Clasificar alimentos segundo o criterio proposto (páx. 53 ex. 2)
- Realizar un intercambio comunicativo por parellas sobre o tema da sección (páx. 53 ex. 3)
- Construír o plural de substantivos extraídos da historia (páx. 55 ex. 5)
- Identificar as regras de formación que se aplican aos distintos substantivos (páx. 55 ex. 6)

Pronunciation

- Identificar na gravación os elementos que se acentúan en cada frase (páx. 57, ex. 8).

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Falar sobre a comida rápida (Spotlight on the world).

PROCEDEMENTOS

- Completar un texto con palabras dadas (páx. 60 ex. 1)
- Encontrar información específica no texto para identificar as frases correctas (páx. 60 ex. 2)
- Responder a preguntas sobre os propios hábitos alimenticios (páx. 60 ex. 3)

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

ii. competencia de aprender a aprender;

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital,

iv. competencia social e cidadá xa que o coñecer unha lingua implica o coñecemento de trazos sociais e feitos culturais vinculados aos falantes destas e que poden ser traballados ao mesmo tempo cá unidade.

Educación para a saúde: reflexión acerca da importancia da alimentación na nosa saúde.

Educación para a paz: aproximación a aspectos da cultura de países xeograficamente distantes para lograr un entendemento e unha proximidade a outros niveis.

v. competencia artística e cultural

A s producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais.

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

Matemáticas

Aprender sobre cantidades

5.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T53 a T59
- Apartado *Grammar*, SB páx. 116
- Apartado *Irregular verbs*, SB páx. 128
- Apartado *Word Bank*, SB páxs. 129–134
- Apartado *Expression Bank*, SB páx. 135
- Workbook páxs. 37 a 41
- Actividades do *RB*

- Actividades do MultiROM

Actividades de ampliación

- Apartado *Try this!*, páx. 53
- Actividades do RB
- Actividades do MultiROM

6.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Apartado *What's in this unit?*, SB páx. 53

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG/GD

Avaliación sumativa

Test Unit 6, RB e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 6, Workboob páx. 42

UNIT 7 –SCHOOL DAYS

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relativo ás materias escolares e aos números ordinais.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como correos electrónicos, facendo fincapé na división en parágrafos.
- Practicar aspectos gramaticais como o *past simple* de *be* e *there was / there were*.
- Practicar as formas débiles /w@z/, /w@(r)/.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación cos centros de Secundaria.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- Captar información específica sobre feitos do pasado recente, para distinguir entre frases verdadeiras e falsas; corrixir estas últimas (páx. 70, exs. 6 e 7).

Speaking

- Identificar materias escolares por escrito e nunha gravación; escoitar e practicar os seus nomes (páx. 65 exs. 1 e 2)
- Realizar intercambios comunicativos por parellas sobre o tema (páx. 65 ex. 3)
- Ilustrar o horario de cada cal e escribir acerca del (páx. 65 ex. 4)
- Completar unha táboa con elementos da historia; escoitar e practicar os ordinais (páx.67 exs. 4/5)
- Responder a preguntas relativas á orde de varias clases (páx. 67 ex. 6)

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Encontrar información xeral e específica para completar unha táboa sobre centros escolares británicos (páx. 71 exs. 1 e 2)
- Localizar no mapa a cidade que se cita (páx. 71 ex. 3)

Writing

- Identificar o tema de cada parágrafo (páx. 71 ex. 4)
- Engadirlle frases adecuadas a cada parágrafo (páx. 71 ex. 5)
- Redactar unha mensaxe de correo electrónico coa axuda dun plan de redacción (páx. 71 ex. 6)

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Falar acerca do pasado
- Pedir e dar información sobre a vida escolar.

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Be: past simple

There was/There were

VOCABULARIO

Tema: O colexio

Léxico:

- Materias escolares.
- Números ordinais (word check)

FONÉTICA

Formas débiles

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Construír frases a partir da información dunha táboa; poñelas na forma negativa (páxs. 68 exs. 1–3)
- Completar un texto, varias frases interrogativas e respostas breves coas formas verbais en pasado (páx. 68 ex. 4; páx. 69 ex. 5)
- Construír frases afirmativas, interrogativas e respostas breves coas formas verbais adecuadas; formular a regra de uso que corresponda (páx. 69 exs. 7–10)

Vocabulary

- Identificar e traducir varias expresións da historia (páx. 66 ex. 3)
- Captar información na gravación para responder a preguntas de comprensión (páx. 70 ex. 1)
- Ler, practicar e traducir expresións dun diálogo; practicar este diálogo (páx. 70 ex. 2, 3)
- Redactar un diálogo con termos dados; practicalo nun intercambio por parellas (páx. 70 exs. 4 e 5)

Pronunciation

- escoitar e practicar a pronuncia das formas débiles (páx. 69, ex. 6)

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Coñecer datos sobre os centros de educación secundaria en Gran Bretaña.

PROCEDEMENTOS

- Responder a un cuestionario; comprobar as respostas na gravación (páx. 72 exs. 1 e 2)
- Responder a preguntas sobre o centro de cada cal (páx. 72 ex. 3)

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

ii. competencia de aprender a aprender;

Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos e aprenden a xestionar os seus recursos mediante diferentes técnicas de aprendizaxe, por exemplo nesta unidade responder un cuestionario.

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital,

Os alumnos a través da lingua estranxeira crearán contextos reais e funcionais de comunicación utilizando as novas tecnoloxías da información e comunicación, por exemplo nesta unidade escribindo un correo electrónico.

iv. competencia social e cidadá

Educación moral e cívica: observación das convencións doutros países en relación con actividades dos mozos.

Educación para a saúde: reflexión acerca da importancia de incluír exercicio físico no currículo escolar.

v. competencia artística e cultural

As producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais:

- Ler e aprender sobre a educación en Gran Bretaña

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

Matemáticas

Traballar os números ordinais

5.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T66, T68
- Apartado *Grammar*, SB páx. 118
- Apartado *Irregular verbs*, SB páx. 128
- Apartado *Word Bank*, SB páxs. 129–134
- Apartado *Expression Bank*, SB páx. 135
- Workbook páxs. 43 a 47
- Actividades do *RB*
- Actividades do MultiROM

Actividades de ampliación

- Apartado *Try this!*, SB páx. 69
- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T65, T66
- Actividades do *RB*
- Actividades do MultiROM

6.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Apartado *What's in this unit?*, SB páx. 65

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG/GD

Avaliación sumativa

Test Unit 7, RB e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 7, Workbook páx. 48



UNIT 8 – IN THE PAST

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relativo ás partes da casa e das datas.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como a descrición dunha civilización antiga, facendo fincapé na construción de adxectivo + substantivo.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *past simple affirmative* (verbos regulares e irregulares).
- Realizar unha reflexión acerca de momentos clave da historia das civilizacións.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- Captar información global e específica para identificar un problema e responder a preguntas de comprensión (páx. 78 exs. 6 e 7)

Speaking

- Identificar e traducir varias expresións da historia ilustrada (páx. 75, ex. 4).
- Completar un diálogo con palabras dadas; comprobar as respostas e practicar o diálogo (páx. 78, exs. 1 a 4).
- Construír un diálogo coa axuda dun póster; representalo por parellas (páx. 78, ex. 4 e 5).

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Identificar información global para relacionar textos e imaxes (páx. 79 ex. 1)
- Encontrar información específica nun texto sobre festexos exipcios, para responder a preguntas de comprensión (páx. 79 ex. 2)

Writing

- Ordenar diversos elementos para construír frases (páx. 79 ex. 3)
- Redactar un texto coa axuda dun esquema (páx. 79 ex. 4)

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Acceder a un lugar público; por exemplo un museo.
- Dar e pedir información acerca de elementos culturais.

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Past simple: regular and irregular verbs

VOCABULARIO

Tema: As civilizacións antigas

Léxico:

- Partes da casa
- Datas (word check)

FONÉTICA

A desinencia do *past simple*

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Completar frases a partir da información dunha táboa (páx. 76 exs. 1 e 2, 4)
- Escribir as formas de pasado de varios verbos (páx. 76 ex. 3)
- Completar un parágrafo con formas verbais de pasado (páx. 77 ex. 5)
- Relacionar distintas formas verbais; construír frases que as inclúan (páx. 77 exs. 8, 9)

Vocabulary

- Identificar e traducir varias expresións da historia ilustrada (páx. 75 ex. 4)
- Completar un diálogo con palabras dadas; comprobar as respostas e practicar o diálogo (páx. 78 exs. 1–4)

Pronunciation

- escoitar e identificar distintas pronuncias dun elemento gramatical (páx. 77, exs. 6 e 7).

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Coñecer datos sobre as civilizacións da antigüidade.

PROCEDEMENTOS

- Responder a un cuestionario; comprobar as respostas (páx. 80 exs. 1 e 2)
- Localizar nun mapa os lugares que se citan no texto (páx. 80 ex. 3)

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

ii. competencia de aprender a aprender;

Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos e aprenden a xestionar os seus recursos mediante diferentes técnicas de aprendizaxe; por exemplo nesta unidade respondendo a un cuestionario

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital,

iv. competencia social e cidadá.

Educación para a paz: interese por acercarnos ao noso pasado como base para construír un futuro en paz.

Educación para o consumidor: observación de convencións sociais para acceder a lugares públicos a cambio de diñeiro.

v. competencia artística e cultural

A s producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais:

- Aprender sobre a cultura exipcia
- Coñecer aspectos curiosos dun museo.

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

Ciencias Sociais (Xeografía)

Aprender sobre a cultura e a localización física de antigas civilizacións

5.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T73, T74, T75, T77

- Apartado *Grammar*, SB páx. 120
- Apartado *Irregular verbs*, SB páx. 128
- Apartado *Word Bank*, SB páxs. 129–134
- Apartado *Expression Bank*, SB páx. 135
- Workbook páxs. 49 a 53
- Actividades do *RB*
- Actividades do MultiROM

Actividades de ampliación

- Apartado *Try this!*, SB páx. 77
- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T76
- Actividades do *RB*
- Actividades do MultiROM

6.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Apartado *What's in this unit?*, SB páx. 73

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG/GD

Avaliación sumativa

Test Unit 8, RB e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 8, Workbook páx. 54



UNIT 9 – HOLIDAYS

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relativo a pezas de roupa e adxectivos.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como unha descrición de plans para as vacacións, facendo fincapé en termos de secuenciación.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *going to* e *must/mustn't*.
- Practicar o ritmo na frase.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación con lugares curiosos doutros países.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- Captar información global e específica para identificar varios lugares e escoller as respostas correctas nun texto sobre plans de tempo libre (páx. 86 exs. 6 e 7)

Speaking

- Identificar e traducir varias expresións da historia (páx. 82 ex. 4)
- escoitar unha conversa para responder a preguntas de comprensión global (páx. 86 ex. 1)

- Practicar e traducir expresións do diálogo (páx. 86 ex. 2)
- Tras ler un modelo, construír un diálogo coa axuda dun esquema; representalo por parellas (páx. 86 exs. 3–5)

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Encontrar información global para ordenar diversos plans (páx. 87 ex. 1)
- Responder a preguntas de comprensión específica sobre as vacacións (páx. 87 ex. 2)
- Localizar varios lugares nun mapa (páx. 87 ex. 3)

Writing

- Completar un texto incluíndo elementos de secuenciación (páx. 87 ex. 4)
- Redactar un texto acerca dos propios plans de vacacións (páx. 87 ex. 5)

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Formular suxestións
- Expresar normas
- Falar de plans para vacacións do verán

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Must/mustn't

Going to

VOCABULARIO

Tema: As vacacións

Léxico:

- Pezas de roupa
- Adxectivos (word check)

FONÉTICA

O ritmo na frase

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Completar e construír frases a partir da información dunha táboa de verbos (páx. 84 exs. 1–4)
- Construír frases acerca de plans para o futuro próximo (páx. 84 ex. 5; páx. 85 ex. 6)
- Realizar un intercambio comunicativo por parellas sobre plans (páx. 85 ex. 7)
- A partir da información dunha táboa, expresar normas positivas e negativas (páx. 85 exs. 9 e 10)

Vocabulary

- Tras escoitar e repetir varios termos, identificalos na ilustración (páx. 81 exs. 1 e 2)
- Construír frases acerca dunha ilustración; realizar intercambios comunicativos por parellas (páx. 81 exs. 4 e 5)
- Describir a indumentaria dos compañeiros (páx. 81 ex. 5)
- Encontrar na historia os antónimos de varios adxectivos (páx. 83 ex. 3)
- Relacionar adxectivos e os seus antónimos (páx. 83 ex. 6)

Pronunciation

- Ler e practicar un poema centrándose no ritmo das frases (páx. 85, ex. 8)

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Falar sobre hotéis peculiares (Spotlight on the world)

PROCEDEMENTOS

- Ler e relacionar varios textos coas ilustracións correspondentes (páx. 88 ex. 1)
- Localizar nun mapa os países citados (páx. 88 ex. 2)
- Responder a preguntas de comprensión específica acerca do texto (páx. 88 ex. 3)

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

ii. competencia de aprender a aprender,

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital,

iv. competencia social e cidadá

Educación para o consumidor: observación de obxectos que os mozos poden adquirir, incidindo no elemento utilitario e no consumista, de dicha adquisición.

Educación para a saúde: a importancia de gozar de vacacións como algo beneficioso para o benestar tanto físico como psicolóxico das persoas.

v. competencia artística e cultural

As producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais:

- Coñecer hotéis curiosos do mundo

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

Lingua e literatura

Aprender antónimos

5.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T81, T83, T87
- Apartado *Grammar*, SB páx. 122
- Apartado *Irregular verbs*, SB páx. 128
- Apartado *Word Bank*, SB páxs. 129–134
- Apartado *Expression Bank*, SB páx. 135
- Workbook páxs. 55 a 59
- Actividades do *RB*
- Actividades do MultiROM

Actividades de ampliación

- Apartado *Try this!*, SB páx. 85
- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T81, T85
- Actividades do *RB*
- Actividades do MultiROM

6.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Apartado *What's in this unit?*, SB páx. 81

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG/GD

Avaliación sumativa

Test Unit 9, RB e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 9, Workboob páx. 60

2.4. PROGRAMACIÓN DE CONTIDOS PARA 2º ESO

Neste curso seguimos traballando co libro de texto, No Problem 2 da mesma editorial que o libro usado en 1º de ESO (Editorial Oxford), polo que as liñas de traballo son semellantes.

Os alumnos con ACIS usarán o nivel 1 (No Problem B) que se adapta mellor ós obxectivos da ACI. Traballarán tamén con material de reforzo fotocopiado adaptado ao seu nivel.

A secuenciación de contidos será a seguinte:

1ª Avaliación: introduction, Unit1, 2,3,

2ª Avaliación: Unit 4,5,6.

3ª Avaliación: Unit 7,8,9, revision.

WELCOME BACK

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Repasar e identificar vocabulario, os membros da familia, os números do 1 ao 1000, o abecedario (e a súa pronuncia), os meses do ano, os obxectos da aula.
- Repasar aspectos gramaticais como o verbo *be*, os imperativos, os pronomes persoais e os pronomes obxecto, *there is/there, have got*.
- escoitar o abecedario e identificar sons vocálicos.
- Escribir correctamente palabras soltas.
- Ler para identificar información xeral e datos concretos.
- Avaliar o progreso e a participación no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- escoitar e practicar o alfabeto (SB páx. 5, ex. 5).
- escoitar e repetir como se deletrean uns países (SB páx. 5, ex. 6).
- escoitar e identificar números (SB páx. 5, ex. 6).
- escoitar e repetir obxectos da aula (SB páx. 76, ex. 10).

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Ler un texto e completalo coa forma correcta do imperativo (SB páx. 6, ex. 9).

Writing

- Escribir cinco frases describindo os amigos (SB páx. 9, ex. 18).

BLOQUE 3- Coñecemento da lingua

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Expresar cifras, números, letras
- Dar instrucións

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Be

Persoal pronouns

Imperatives

There is / there are

Have got

Object pronouns

VOCABULARIO

Tema: Repaso

Léxico:

Activo

- O abecedario.
- Números do 1 ao 1000.
- Membros da familia: brother, father, mother, sister.
- Obxectos da aula; *bag, blackboard, shelf, CD player, chair, desk, door, locker*.
- Países: *Brazil, United Kingdom, Japan, Mexico, Spain*.
- Os días da semana: *Monday, Tuesday, Wednesday, Thursday, Friday, Saturday, Sunday*.
- Os meses do ano.
- Preposicións: *in, on, under*.

Pasivo

Verbs: *join, read, sleep, study, take, watch, work*.

Nouns: *advice, apartment, box, break, clothes, comic, cup, exams, exercise, food, Grece, home, Peru, photo, poster, relaxation, Switzerland, trainer, watch*.

Adjectives: *bad, big, busy, cool, favourite, happy, late, nice*,

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Ler e completar unhas mensaxes con pronomes persoais adecuados (SB páx. 4, ex. 1).
- Observar unha fotografía e pór en cada personaxe o vocabulario da familia que lle corresponde. escoitar e comprobar as respostas (SB páx. 4, ex. 2).
- Ler e completar unha mensaxe coa forma verbal correcta do verbo *be* (SB páx. 4, ex. 3).
- Responder unhas preguntas de comprensión relacionadas coas mensaxes anteriores (SB páx. 4, ex. 4).
- Observar o debuxo dun cuarto e completar unhas frases con *there is/there are, there isn't/there aren't* (SB páx. 8, exs. 12 e 13).
- Contar os obxectos do debuxo anterior indicados nun recadro e expresar cantidade segundo o modelo (SB páx. 8, ex. 14).
- Observar unha táboa co verbo *have got*. Observar un debuxo e escribir frases indicando as cousas que ten o personaxe do debuxo. Utilizar as palabras dun recadro (SB páx. 8, ex. 16).
- Completar un texto coa forma correcta do verbo *have got* (SB páx. 9, ex. 17).
- Escribir cinco frases describindo aos amigos (SB páx. 9, ex. 18).
- Observar unha foto e completar unha descrición coa forma correcta dos verbo *be* e *have got* (SB páx. 9, ex. 19).
- Observar unha táboa cos pronomes obxecto. Responder unha pregunta (SB páx. 9, ex. 20).

Vocabulary

- Observar uns grupos de números. escoitar e indicar os números que se escoitan (SB páx. 5, ex. 7).
- Localizar nunha sopa de letras os días da semana e do mes (SB páx. 6, ex. 8).
- Observar un debuxo dunha aula e relacionar os seus obxectos coa súa palabra adecuada. escoitar e repetir (SB páx. 7, ex. 10).
- Repasar as preposicións. Ler a localización duns obxectos e deducir o seu nome. Utilizar as palabras dun recadro (SB páx. 7, ex. 11).

Pronunciation

- escoitar e clasificar uns sons. escoitar de novo e repetir (SB páx. 5, ex. 5).
- Deletrear uns países. escoitar e comprobar. escoitar de novo e indicar os sons vocálicos (SB páx. 5, exs. 5 e 6).

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Coñecemento e valoración de elementos de trasfondo cultural propios dos países onde se fala a lingua estranxeira.

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia para aprender a aprender; os alumnos desenvolverán destrezas e aprenderán estratexias e habilidades que os farán conscientes do que saben e do que é necesario aprender, controlando e xestionando as propias capacidades e coñecementos. Nesta unidade:

- Aprenderán a manexar material de referencia como Grammar Reference (WB, Welcome Unit, páx. 62 e 63).
- Aprender a deducir vocabulario nun texto.

Educación para a paz: a importancia de aprender a convivir e compartir espazos e experiencias con outra xente, por exemplo no ámbito escolar.

Educación moral e cívica: a importancia coñecer e respectar outras formas de vida e cultura diferentes á nosa.

competencia artística e cultural

As producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais.

Facer referencia a unha película famosa como Charlie and the chocolate factory (Charly e a fábrica de chocolate).

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En toda a unidade se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, como a **xeografía**, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

5.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

Actividades adicionais e alternativas, TG páxinas T4 a T9.
Workbook, páxinas 2 a 7.

Actividades de ampliación

Actividades adicionais e alternativas, TG páxinas T4 a T9.
Todos os niveis; repaso de países, idiomas e nacionalidades.
Todos os niveis; práctica de obxectos da aula e preposicións de lugar (TG páx. T7).

6.- AVALIACIÓN

Avaliación sumativa

Diagnostic test, Test Book 2, páx. 2

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Realizarase un test inicial para valorar o nivel dos alumnos.

Diagnostic Test, Test Book 2, páxina 2.

.....

UNIT 1- SLOGANS

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Saber recoñecer e utilizar adecuadamente o vocabulario da unidade: hábitos diarios (*habits*) e a roupa (*clothes*).
- Entender e aplicar aspectos gramaticais como o presente simple (Present simple; affirmative, negative, questions), os adverbios de frecuencia (Adverbs of frequency) e o presente continuo (Present continuous).
- Ser quen de identificar e interpretar información xeral e máis específica en textos escritos; slogans (*Slogans*).
- Comprender textos orais captando o fundamental e a información máis detallada. A descrición dun deportista (*a basketball star*).
- Realizar intercambios comunicativos, falando sobre hábitos persoais (*Talking about habits*).
- Practicar a pronuncia de: *Do you...?*
- Personalizar un escrito; unha descrición persoal (*Writing about yourself*), aprendendo a unha destreza de escritura como é a orde correcta da frase (Writing skills: word order).

- Elaborar un proxecto unha ficha sobre moda para repasar vocabulario, gramática e as destrezas aprendidas na unidade (*My style*).
- Traballar diferentes temas interdisciplinarios/transversais (o deporte e o traballo), trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real.
- Avaliar o progreso e a participación no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- escoitar a descrición dun personaxe e responder a preguntas de comprensión. escoitar de novo e discriminar a opción correcta entre dúas propostas (SB páx. 15, exs. 1 e 2).
- escoitar cinco frases e escribilas (Dictation) (SB páx. 15, exs. 3 e 4).

Speaking

- Personalizar unha práctica oral; completar unha táboa con información persoal e dun amigo. Contar á clase (*Over to you!*, SB páx. 11, ex. 5).
- Personalizar unha práctica oral. En parellas, facer e responder a preguntas sobre un mesmo, amigos ou familiares (*Over to you!*, SB páx. 13, ex. 5).
- escoitar un diálogo e practicalo en parellas. Cambiar as palabras ou expresións indicadas en azul no diálogo anterior e practicar un diálogo similar na clase (SB páx. 15, exs. 5, 7 e 8).

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Ler e escoitar os slogans dunha parede. Responder unha pregunta de comprensión xeral. Relacionar os slogans coas súas definicións adecuadas (SB páx. 14, exs. 1 e 2).
- Ler unha ficha. Relacionar as súas preguntas coas súas respostas adecuadas. Elaborar un proxecto similar cunha ficha sobre moda e o estilo persoal de vestir (SB páx. 17, exs. 1 a 4).

Writing

- Ler un cadro sobre a orde na frase. Ler a descrición dunha persoa e localizar todos os suxeitos e os seus verbos (SB páx. 16, exs. 1 e 2).
- Completar unha táboa con información sobre o personaxe do texto anterior e engadir información persoal (SB páx. 16, exs. 3 e 4).
- Personalizar un escrito; unha descrición persoal. Utilizar o texto e a táboa da sección para axudarse (SB páx. 16, ex. 5).
- Ler unha ficha. Elaborar un proxecto similar cunha ficha sobre moda e o estilo persoal de vestir (SB páx. 17, exs. 1 a 4).
- Writing section, Workbook páxina 100 (Writing skills; including subjects).

BLOQUE 3- Coñecemento da lingua

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Falar de afeccións e hábitos
- Formular preguntas e responder sobre feitos e hábitos do presente
- Facer descrições persoais

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Present simple

Adverbs of frequency

Present continuous

VOCABULARIO

Tema: As rutinas diarias e a roupa

Léxico:

Activo

- Habits (Hábitos): *eat, hate, listen, live, love, speak, teach, wear.*
- Clothes (roupa): *cap, jacket, jersey, shorts, trainers, socks, sweatshirt, T-shirt.*
- Extend your vocabulary: *checked, floral, plaid, plain, polka-dot, striped denim, leather, plastic, woollen.*

Pasivo

- Verbs: *celebrate, smile.*
- Nouns: *accessories, band, belt, boots, Chinese, electronic music, fish, hip-hop, jewellery, lemon juice, life, orange juice, meat, reality show, sunglasses.*
- Adjectives: *boring, gothic, patient, punk, retro, vintage.*
- Adverbs of frequency: *always, usually, often, sometimes, rarely, never.*

FONÉTICA

Pronunciation: preguntas con *do you...?*

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Observar unha táboa sobre o Present simple (affirmative and negative). Completar uns slogans discriminando a opción verbal adecuada (SB páx. 11, exs. 1 e 2).
- Completar unhas frases coa forma negativa do Present simple (SB páx. 11, ex. 3).
- Observar unha nota sobre os adverbios de frecuencia (Take note!). Completar unhas frases coa forma correcta do verbo e co adverbio indicado (SB páx. 11, ex. 4).
- Observar unha táboa sobre o Present simple (questions). Observar un debuxo e facer as preguntas adecuadas coas palabras e verbos indicados. Responder (SB páx. 11, ex. 2).
- Completar unhas preguntas utilizando as partículas indicadas (SB páx. 11, ex. 3).
- Ler unha nota sobre o Present continuous (Take note!) e facer frases coas palabras propostas (SB páx. 13, ex. 4).

Vocabulary

- Completar uns slogans cos verbos dun recadro. escoitar e repetir practicando a pronuncia (SB páx. 10 ex. 1).
- Descifrar uns verbos e escribir uns slogans correctamente (SB páx. 10, ex. 2).
- Utilizar as palabras dun recadro para lle pór nome á roupa duns personaxes. escoitar e repetir practicando a pronuncia (SB páx. 12, ex. 1).
- Ler e escoitar un diálogo. Relacionar as descrições de roupa co seu personaxe correspondente (SB páx. 12, ex. 2).

Pronunciation

- Practicar a pronuncia do vocabulario da unidade (SB páx. 10, ex. 1 e páx. 12, ex. 1).
- Dictation. (SB páx. 15, exs. 3 e 4).

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Facer referencia a persoas famosas da cultura e do deporte como: **Gorillaz** (un grupo de música virtual composto por catro personaxes de cómic).

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística utilizando a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita que se desenvolverá a través de actividades de comprensión oral, construción de vocabulario e coñecementos básicos de fonética. (*Vocabulary* SB páx. 12; *Speaking* e *Dictation*, SB páx. 15).

Competencia para aprender a aprender, de:

- Aprenderán a manexar material de referencia como Grammar Reference (WB, Unit 1, páx. 64 e 65), Vocabulary (WB, Unit 1 páx. 82 e 83) e Writing (WB Unit 2, páx. 100).
- Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos (*Over to you!*, SB páx. 11, ex. 5 e SB páx. 13, ex. 5).

Competencia en tratamento da información e competencia dixital,

O Learning Zone website www.oup.com/elt/no problem proporciona **práctica interactiva** do contido da unidade, un **minidicionario**, e **material de audio** para os ditados e outros exercicios do SB e WB.

Educación para o consumo: a importancia da publicidade (slogans) nos nosos hábitos de consumo. Valorar o consumo na súa xusta medida e comprar dun xeito responsábel, saudábel e ecolóxico.

Competencia artística e cultural

As producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais. explicar e entender o que é un *slogan*.

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En toda a unidade se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, como **o deporte** trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

5.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

Actividades adicionais e alternativas, TG, páxinas T10 a T17
Workbook, páxinas 8 a 12
Apartado Vocabulary to learn, WB páxina 82
Apartado Grammar Reference WB, páxina 64 e 65
Apartado Writing WB páxina 100

Actividades de ampliación

Actividades adicionais e alternativas, TG, páxinas T10 a T17
Fast finishers: Puzzle 1A e 1B (SB páx. 94).
Todos os niveis: Práctica de vocabulario relativo aos membros da familia (personalización) (TG páx. T12)
Workbook páxinas 8 a 12
Apartado Vocabulary extension, WB páxina 83
Mixed Ability Worksheets páxinas 17 e 19
Writing practice, Workbook páxina 100 (Writing skills; including subjects).

Práctica e avaliación alternativa para alumnos con dificultades para seguir o ritmo do grupo:

No problem! Basics Progress Book B, Unit 1, páxinas 11 a 17

6.- AVALIACIÓN

Avaliación formativa

Progress Check (Unit 1, WB páxina 13).

Avaliación sumativa

Test Standard (Unit 1), Test Book 2, páxinas 6 e 7
Higher level test (Unit 1), Test Book 2, páxinas 8 e 9
Reverse translations (Unit 1), Test Book 2, páxina 93

Autoavaliación

Fotocopiable Unit 1 (Student's Self-evaluation Checklist, TG páx. xix)

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Unit 1 test (*Basic, standard e Higher level*)

Reading

Ser quen de identificar e interpretar información xeral e máis específica en textos escritos un cuestionario sobre modelos famosas (*A model's life*).

Vocabulary

Saber recoñecer e utilizar adecuadamente o vocabulario da unidade: adxectivos para describir obxectos (*describing objects*) e a familia (*family*).

Grammar

Entender e aplicar aspectos gramaticais como os adxectivos posesivos (*possessive adjectives*) e o 's con valor de posesivo. Practicar a forma verbal *have got* para facer preguntas.

Writing

Producir un texto curto describindo un familiar.

UNIT 2- LIFE CHANGES

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Saber recoñecer e utilizar adecuadamente o vocabulario da unidade: transportes (*transport*) e verbos irregulares (*irregular verbs*).
- Entender e aplicar aspectos gramaticais como o pasado simple (afirmativo) dos verbos regulares e irregulares (Past simple regular and irregular verbs), *could* e expresións temporais de pasado (*past estafe expressions*).
- Ser quen de identificar e interpretar información xeral e máis específica en textos escritos; a biografía dun xogador de baseball (*Sammy*Eslamiada a baseball great*).
- Comprender textos orais de diferente estilo e complexidade e extraer deles información xeral e máis específica: unha conversa sobre hábitos diarios (*Van's life*).
- Realizar intercambios comunicativos, falando sobre as últimas vacacións (*Talking about your last holiday*).
- Producir un escrito; unha descrición das últimas vacacións (*Writing about a holiday*), aprendendo unha destreza de escritura, utilizar comas adecuadamente (*Writing skills: commas*).
- Repasar vocabulario e gramática mediante o coñecemento dun país diferente ao do alumno (*Exploring the world: Poland*) a través dunha ficha co perfil do país. Escribir un parágrafo breve a partir dun modelo.
- Practicar a pronuncia das terminacións do pasado simple (past tense *-ed endings*).
- Traballar diferentes temas interdisciplinarios/transversais (Historia, Xeografía, Ciencias, Deporte), trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real.
- Avaliar o progreso e a participación no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- escoitar a historia dunha familia; responder unhas preguntas de comprensión xeral e discriminar nunhas frases a opción correcta entre dúas propostas (SB páx. 23, exs. 1 e 2).
- escoitar cinco frases e escribilas (Dictation) (SB páx. 23, exs. 3 e 4).

Speaking

- Personalizar unha práctica oral; escribir unha frase sobre o pasado, verdadeira ou falsa. Expor a frase na clase e esta adiviña se é ou non certa (*Over to you!*, SB páx. 19, ex. 5).
- Personalizar unha práctica oral; escribir frases en pasado simple, recordando o verbo pero sen o pór. En parellas adiviñar o verbo facendo as preguntas oportunas (*Over to you!*, SB páx. 21, ex. 7).
- escoitar e ler un diálogo sobre as últimas vacacións e practicalo en parellas. Cambiar as palabras ou expresións indicadas en azul no diálogo anterior e practicar un diálogo similar na clase (SB páx. 23, exs. 5, 8 e 9).

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Ler unha biografía e localizar unhas datas (SB páx. 22 ex. 1).
- Ler de novo e mostrar comprensión completando unhas frases (SB páx. 22, ex. 2).

Writing

- Ler a descrición dunhas vacacións. Responder unhas preguntas de comprensión (SB páx. 24, ex. 1).
- Ler un recadro cunha destreza de escritura, utilizar comas adecuadamente (*Writing skills: commas*) (SB páx. 24, ex. 2).
- Completar unha táboa con información sobre as vacacións do personaxe do texto anterior. Engadir información persoal á táboa. Facer unha descrición das vacacións do alumno utilizando a táboa anterior (SB páx. 24, exs. 3, 4 e 5).
- Observar unhas imaxes de Polonia e un mapa onde se localiza o país. Responder unhas preguntas de coñecemento xeral de Polonia. Ler unha ficha perfil de Polonia e completar un texto con esta información. Responder unhas preguntas de comprensión. Escribir un pequeno

parágrafo con aspectos interesantes deste país (SB páx. 25, *Exploring the world: Poland*, exs. 1 a 4).

- Writing section, Workbook páxina 101.

BLOQUE 3- Coñecemento da lingua

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Falar de accións acabadas no pasado
- Referirse ao pasado
- Expresar habilidades do pasado
- Falar das últimas vacacións

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Past simple regular and irregular verbs (afirmativa)

Past time expressions

Could

VOCABULARIO

Tema: Cambios na vida (o pasado)

Léxico:

Activo

- Transport (transport): *by boat, by car, by plane, by ship, by train, on foot.*
- Irregular verbs: *build, give, go, meet, run, see, spend, tell.*
- Other verbs: *argue, crash, cycle, dive, miss, ride, sail, surf, try.*
- Past time expressions (Expresións temporais de pasado; *In 987, 100 years ago, yesterday, last year.*
- Extend your vocabulary: *bike path, bike stand, bridge, motorway, pavement, zebra crossing, road, roundabout, signpost, taxi rank, traffic lights, tunnel.*

Pasivo

- Verbs (verbos): *clean, climb, destroy, move.*
- Nouns (substantivos); *ball, bat, beach, capital city, characteristic, charity, composer, Dominican Republic, equipment, glove, hill, inhabitants, library, Mexico, milk carton, nurse, school, Poland, police officer, population, present, prunes, shop, stew, storm, superstar, tape, tea, tree, tree branch, village, wave, wind.*
- Adjectives (adxectivos); *calm, dead, different, high, historic, homeless, popular, public, real, sandy, spectacular, terrible, traditional.*

FONÉTICA

Pronunciation: *past tense -ed endings.*

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Ler e comprender unha táboa sobre o pasado simple dos verbos regulares en afirmativa e unha nota sobre as regras de ortografía (Take note, SB páx. 19, ex. 1).
- Completar unhas frases co pasado simple dos verbos indicados (SB páx. 19, ex. 2).
- Observar unhas ilustracións e escribir frases describindo as accións en pasado que lles ocorren aos seus personaxes. Utilizar os verbos dun recadro (SB páx. 19, ex. 3).
- Ler unha nota con expresións temporais de pasado. Escribir frases personalizando unhas accións de pasado (SB páx. 19, ex. 4).
- Ler e comprender unha táboa sobre o pasado simple dos verbos irregulares en afirmativa e unha nota sobre as regras de ortografía (Take note, SB páx. 21).
- Relacionar unha lista de verbos en pasado co seu pasado simple (SB páx. 21, ex. 1).
- Completar unhas frases cos verbos en pasado dun recadro (SB páx. 21, ex. 2).
- Completar unhas frases cos verbos en pasado do exercicio 1 (SB páx. 21, ex. 3).
- Ler e comprender unha táboa sobre o verbo *could* (SB páx. 21).
- Observar os símbolos adxuntos a unhas palabras e completar frases con elas (SB páx. 21 ex. 5).
- Observar uns debuxos e escribir preguntas utilizando *could you...?* (SB páx. 21, ex. 6).

Vocabulary

- Observar unhas fotografías e ler os seus comentarios. Relacionalas cunha forma de transporte (de viaxar) dun recadro. escoitar e repetir practicando a pronuncia (SB páx. 18, ex. 1).

- Ler e escoitar os comentarios de novo. Localizar neles as formas de pasado (-ed) dos verbos propostos nunha lista (SB páx. 18, ex. 2).
 - Ler de novo e relacionar unhas frases co personaxe adecuado (SB páx. 18, ex. 3).
 - Relacionar os verbos dunha lista coa súa correspondente forma de pasado dun recadro (SB páx. 20, ex. 1).
 - Ler e escoitar unha historia. Ordenar cronoloxicamente unhas imaxes que ilustran a historia (SB páx. 20, ex. 2).
 - Ler e escoitar a historia de novo. Mostrar comprensión e indicar se unhas frases son verdadeiras ou falsas. Corrixir as falsas (SB páx. 20, ex. 3).
- Pronunciation
- Practicar a pronuncia do vocabulario da unidade (SB páx. 18, ex. 1 e páx. 20, ex. 1).
 - Dictation (SB páx. 23, exs. 3 e 4).
 - Ler un cadro relacionado coa pronuncia das terminacións do pasado (Past tense -ed ending). Escoitar, repetir. Escoitar uns verbos e indicar cal deles ten un /e/ mudo. Escoitar e repetir (SB páx. 23, exs. 6 e 7).

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Un tsunami é unha onda causada por un maremoto e erupcións volcánicas. No ano 2004 tivo lugar un maremoto no Océano Indico que desencadeou unha serie de tsunamis en Indonesia, Tailandia, Malaisia, India e Sri Lanka. Morreron máis de 230.000 persoas.

A República Dominicana é un país situado na zona oriental da illa caribeña La Española.

México, é o país máis setentrional de América Latina. Capital Ciudad de México.

Polonia, é un país centroeuropeo. A súa capital é Varsovia.

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística utilizando a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita que se desenvolverá a través de actividades de comprensión oral, construción de vocabulario e coñecementos básicos de fonética (*Vocabulary* SB páx. 20; *Speaking e Dictation*, SB páx. 23).

Competencia para aprender a aprender: Nesta unidade:

- Aprenderán a manexar material de referencia como Grammar Reference (WB, Unit 2, páx. 66 e 67), Vocabulary (WB, Unit 2 páx. 84 e 85) e Writing (WB Unit 2, páx. 101).
- Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos (*Over to you!*, SB páx. 19, ex. 5 e SB páx. 21, ex. 7).

Educación para o medio ambiente: valorar as riquezas naturais que a terra dispón e a importancia de coidalas e perpetualas para futuras xeracións.

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En toda a unidade se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, como **xeografía, historia, ciencias e deporte**, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

5.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

Actividades adicionais e alternativas, TG, páxinas T18 a T25

Workbook, páxinas 14 a 18

Apartado Grammar Reference, WB, páxina 66 e 67

Apartado Vocabulary to learn, WB páxina 84

Apartado Writing, WB páxina 101

Actividades de ampliación

Actividades adicionais e alternativas, TG, páxinas T18 a T25

Fast finishers: Puzzle 2A e 2B (SB páx. 94).

Niveis altos: Práctica do *past simple* dos verbos regulares e irregulares (TG páx. T22)
Workbook páxinas 14 a 18
Apartado Vocabulary extension, WB páxina 85
Mixed Ability Worksheets páxinas 20 – 22
Writing practice, Workbook páxina 101 (Writing skills; commas).

Práctica e avaliación alternativa para alumnos con dificultades para seguir o ritmo do grupo:

No problem! Basics Progress Book B, Unit 2 páxinas 18 a 24
Basic level test (Unit 2), Test Book 2, páxinas 10 e 11

6.- AVALIACIÓN

Avaliación formativa

Progress Check (Unit 2, WB páxina 19)

Avaliación sumativa

Test Standard (Unit 2), Test Book 2, páxinas 10 e 11
Higher level test (Unit 2), Test Book 2, páxinas 12 e 13
Reverse translations (Unit 2), Test Book 2, páxina 93

Autoavaliación

Fotocopiable Unit 2 (Student's Self-evaluation Checklist, TG páx. xix)

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Unit 2 test (*Basic, standard e Higher level*)

Reading

Ser quen de identificar e interpretar información xeral e máis específica nun texto sobre Gran Bretaña como sociedade multicultural (*Britain*).

Vocabulary

Saber recoñecer e utilizar adecuadamente o vocabulario da unidade: transportes (transport) e verbos irregulares (irregular verbs).

Grammar

Entender e aplicar aspectos gramaticais como entender e aplicar aspectos gramaticais como; o pasado simple (afirmativo) dos verbos regulares e irregulares (Past simple regular and irregular verbs), *could* e expresións temporais de pasado (*past time expressions*).

Writing

Producir un texto sobre unha viaxe longa

.....

UNIT 3.- MYSTERIES

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Saber recoñecer e utilizar adecuadamente o vocabulario da unidade: xeografía (*geography*) e accidentes ou catástrofes (*accidents*).
- Entender e aplicar aspectos gramaticais como o pasado simple na súa forma interrogativa e negativa (Past simple; questions and negative).
- Ser quen de identificar e interpretar información en textos escritos: un texto relacionado cun misterio (*The piano man*). Aprender unha destreza na lectura como é captar a idea xeral do texto (*Reading skills: getting the xeral idea*).
- Comprender textos orais de diferente estilo e complexidade e extraer deles información específica: a biografía dun pianista (*A famous pianist*).
- Realizar intercambios comunicativos, falar sobre o ocorrido a pasada fin de semana (*Talking about as weekend*).
- Producir un escrito: un correo electrónico sobre unha excursión ou saída (*Writing about a day out*). Practicar unha destreza de escritura como é ordenar e secuenciar os acontecementos (*Writing skills: ordering events*).
- Practicar a entoación das frases interrogativas (*intonation in questions*).
- Entender e poder practicar unha canción famosa (*Girlfriend de Avril Lavigne*), repasando verbos e adxectivos.
- Traballar diferentes temas interdisciplinarios/transversais (Xeografía, historia e música), trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real.

- Avaliar o progreso e a participación no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- escoitar a biografía dun pianista e completar unha táboa (SB páx. 31, ex. 1).
- Numerar cronoloxicamente uns eventos en relación ao escoitado (SB páx. 31, ex. 2).
- Ler uns frases e discriminar unha das dúas opcións propostas (SB páx. 31, ex. 3).
- escoitar cinco frases e escribilas (Dictation) (SB páx. 31, exs. 4 e 5).
- Completar sete frases con substantivos do exercicio anterior. *SB* páx. 58 ex. 7.

Pronunciation

- Ler seis palabras e determinar a sílaba acentuada. escoitar e comprobar. *SB* páx. 60 ex. 7.

Bloque 4 - Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

- Importancia da imaxe nas relacións sociais.
- A idade e o éxito social.
- A moda como fenómeno social.
- A *jet-set*.

3.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

Grammar Revision Unit 5. Teacher's Resource book páxs. 9-10.

Vocabulary Revision Unit 5. TRB páx. 42.

Reading Practice. Unit 5. TRB páx. 58.

Listening Practice Unit 5. TRB páx. 68.

Speaking Practice Unit 5. TRB páx. 78.

Writing Practice Unit 5. TRB páx. 88.

Exam Practice Unit 5 (A e B). TRB páxs. 122-123.

Actividades de ampliación

Actividades del *Workbook Unit 5. WB* páxs. 36-42.

Grammar Extension. Unit 5. TRB páx. 20.

Vocabulary Extension Unit 5. TRB páx. 43.

Extra comprehension questions. TG. páx.

Extra grammar. TG páx. 55.

Extra vocabulary. False friends. TG páx. 53.

Extra translation. TG páx. 56.

Extra spelling. TG páx. 63.

Extra activity. TG páx. 58.

4.- AVALIACIÓN

Avaliación formativa

Practice test Unit 5. WB páx. 43.

Progress check Unit 5. SB páx. 64.

Avaliación sumativa

Unit 5 Test. TRB páx. 102.

Criterios de avaliación da unidade

- Ler un texto e completar catro frases.
- Completar cinco frases coa forma correcta duns verbos en letra negra.
- Transformar cinco frases.
- Completar seis frases cunha palabra.

UNIT 6.- In the news

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica neles; unha entrevista cun locutor de televisión.
- Expresarse e interactuar oralmente de forma comprensíbel, con fluidez e precisión; aprendendo a utilizar estratexias adecuadas ás situacións de comunicación como dar e pedir consello.
- Ler de forma autónoma textos variados e ser capaz de comprender e identificar información xeral e máis específica neles, aprendendo a utilizar diferentes estratexias de lectura como un texto sobre a actualidade en Internet.
- Producir un escrito utilizando fórmulas e expresións traballadas na unidade, así como desenvolvendo certas destrezas na escritura; expresións para organizar a escritura dun resumo.
- Entender e aplicar aspectos gramaticais como a voz pasiva.
- Saber recoñecer e utilizar vocabulario para expresar vocabulario relacionado co xornalismo.
- Aprender a distinguir e utilizar os *false friends*.
- Aprender a distinguir as letras mudas.
- Avaliar o progreso e a participación no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

Bloque 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- escoitar unha entrevista e responder unha pregunta. *SB* páx. 72 ex. 1.
- Ler un recadro e relacionar 1-5 cos seus sinónimos A-B. *SB* páx. 72 ex. 2.
- Volver escoitar a entrevista do exercicio 1 e contestar seis preguntas escollendo a opción correcta entre catro. *SB* páx. 72 ex. 3.
- *Dictation*: escoitar un texto oral contendo un chiste e responder unha pregunta. *SB* páx. 72 ex. 4.
- Volver escoitar e escribir tres frases. *SB* páx. 72 ex. 6.

Speaking

- Completar un diálogo utilizando as frases dunha lista. *SB* páx. 73 ex. 1.
- escoitar un texto oral e comprobar as respostas ao exercicio anterior. *SB* páx. 73 ex. 2.
- Practicar o diálogo do exercicio 1. *SB* páx. 73 ex. 3.
- Elixir unha situación entre dúas posíbeis e escribir un diálogo valéndose das palabras dun recadro. *SB* páx. 73 ex. 4.
- Practicar o diálogo do exercicio anterior. *SB* páx. 73 ex. 5.

Bloque 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Ler un texto e determinar que dúas persoas dunha lista de cinco non aparecen nel. *SB* páx. 66 ex. 1.
- Ler un recadro e tres extractos e localizalos no texto substituíndo os pronomes en letra negra 1-4 polas frases A-F. *SB* páx. 66 ex. 2.
- Volver ler o texto do exercicio 1 e determinar se cinco frases son verdadeiras ou falsas segundo o texto. *SB* páx. 66 ex. 3.
- Responder seis preguntas elixindo a opción correcta entre catro posíbeis. *SB* páx. 67 ex. 4.
- Relacionar seis palabras con outras do texto do exercicio 1. *SB* páx. 67 ex. 5.
- Responder dúas preguntas explicando as respostas. *SB* páx. 67 ex. 6.

Writing

- Traducir os conectores en letra negra nas frases 1-4. *SB* páx. 74 ex. 1.
- Responder unha pregunta e completar unha táboa con conectores. *SB* páx. 74 ex. 2.
- En seis frases escoller a opción correcta entre dúas. *SB* páx. 74 ex. 3.

- Ler un artigo xornalístico e responder unha pregunta. *SB* páx. 74 ex. 4.
- Ler un recadro e dous resumos A e B. Decidir cal dos dous resume mellor o artigo do exercicio 4. *SB* páx. 74 ex. 5.
- Ler un artigo de sucesos e responder unha pregunta. *SB* páx. 75 ex. 6.
- Atopar conectores no artigo do exercicio 6. *SB* páx. 75 ex. 7.
- Ler o encabezamento da tarefa de escritura. Volver ler o artigo do exercicio 6. Decidir que tres epígrafes dun total de seis conteñen información esencial sobre a noticia. *SB* páx. 75 ex.8.
- Escribir un sumario dun só parágrafo onde a información esencial debe aparecer na primeira frase. *SB* páx. 75 ex. 9.
- Comprobar o escrito. *SB* páx. 75 ex. 10.
- Corrixir o escrito e pasalo a limpo. *SB* páx. 74 ex.

Bloque 3 - Coñecemento da lingua

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Ofrecer consello.
- Pedir consello.

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

A voz pasiva

Get/have something done

VOCABULARIO

Tema: As noticias

Léxico:

- *Topic vocabulary 1. paparazzi, private life, headlines...*
- *Topic vocabulary 2. False friends : notices/news, discussion/argument, educated/polite...*
- *Word building. Adverbs of manner: honestly, emotionally, enthusiastically... Suffixes, agent nouns: assist-ant, politic-ian, edit-or...*

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Ler dúas frases A e B e contestar dúas preguntas. *SB* páx. 68 ex. 1.
- Completar unhas regras escollendo as alternativas correctas. *SB* páx. 68 ex. 2.
- Ler cinco extractos dun artigo xornalístico e determinar se os verbos en letra negra son activos ou pasivos. *SB* páx. 68 ex. 3.
- Transformar os extractos A-E do exercicio anterior en voz activa. *SB* páx. 68 ex. 4.
- Completar dous artigos A e B utilizando a forma correcta, activa ou pasiva, dos verbos de dúas listas. *SB* páx. 68 ex. 5.
- Estudar unha regra gramatical, unha frase-exemplo e contestar unha pregunta. *SB* páx. 69 ex. 6.
- Transformar cinco frases de activa a pasiva. *SB* páx. 69 ex. 7.
- Transformar seis frases de activa a pasiva utilizando o ablativo axente cando sexa necesario. *SB* páx. 69 ex. 8.
- Ler dúas frases A e B e completar unha regra gramatical. *SB* páx. 69 ex. 9.
- Completar un diálogo coa forma correcta de *get/have something done*. *SB* páx. 69 ex. 10

Vocabulary

- Ler tres textos por encima e relacionar tres palabras en letra negra 1-3 con tres imaxes A-C. *SB* páx. 65 ex. 1.
- Reler os tres textos do exercicio anterior e responder tres preguntas. *SB* páx. 65 ex. 2.
- Engadirlle a unha táboa as palabras en letra negra do exercicio 1. *SB* páx. 65 ex. 3.
- Completar cinco definicións con palabras da táboa do exercicio 3 *SB* páx. 65 ex. 4.
- Responder tres preguntas. *SB* páx. 65 ex. 5.
- Ler unhas regras gramaticais e responder unha pregunta. *SB* páx. 71 ex. 1.
- Relacionar as palabras en letra negra de seis frases con seis definicións A-F e responder unha pregunta. *SB* páx. 71 ex. 2.
- Completar seis frases dobres A e B coa opción correcta da súa parella de *false friends* correspondente. *SB* páx. 71 ex. 3.

- Completar un texto escollendo cada vez a correcta das dez alternativas que se presentan ao seu longo. *SB* páx. 71 ex. 4.
- Completar cinco frases cun adverbio de modo. *SB* páx. 70 ex. 1.
- Ler as respostas ao exercicio anterior e completar unhas regras gramaticais. *SB* páx. 70 ex. 2.
- Inserir nun texto as formas adverbiais dos cinco adxectivos dunha lista. *SB* páx. 70 ex. 3.
- Estudiar unhas regras gramaticais e completar unha táboa prestándolle especial atención á ortografía. *SB* páx. 70 ex. 4.
- Formar oito nomes engadindo os sufixos do exercicio anterior ás palabras dunha lista. *SB* páx. 70 ex. 5.
- Completar oito frases utilizando vocabulario dos dous exercicios anteriores. *SB* páx. 70 ex. 6.

Pronunciation

- Ler seis palabras e determinar que letras non representan ningún son. escoitar e comprobar. *SB* páx. 72 ex. 6.

Bloque 4 - Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

- A información na sociedade actual
- As novas formas de comunicación. Internet
- O xornalismo e a noticia.

3.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

Grammar Revision Unit 6. Teacher's Resource book páxs. 21-22.

Vocabulary Revision Unit 6. TRB páx. 44.

Reading Practice. Unit 6. TRB páx. 59.

Listening Practice Unit 6. TRB páx. 69.

Speaking Practice Unit 6. TRB páx. 79.

Writing Practice Unit 6. TRB páx. 89.

Exam Practice Unit 6 (A e B). TRB páxs.124-125.

Actividades de ampliación

Actividades del *Workbook Unit 6. WB* páxs. 44-50.

Grammar Extension. Unit 6. TRB páx. 23.

Vocabulary Extension Unit 6. TRB páx. 45.

Extra Grammar. TG páx. 75.

Extra vocabulary. TG páx.65.

Extra reading skills. TG páx. 70.

Extra translation. TG páxs. 68, 69, 71.

4.- AVALIACIÓN

Avaliación formativa

Practice test Unit 6. WB páx. 51.

Progress check Unit 6. SB páx. 76.

Avaliación sumativa

Unit 6 Test. TRB páx. 103.

End-of-term Test 2 páxs. 104-105.

Criterios de avaliación da unidade

Unit 6 Test

- Ler un texto e determinar se catro afirmacións son verdadeiras ou falsas razoando as respostas.
- Transformar cinco frases de activa a pasiva omitindo o ablativo axente se é posíbel.
- Completar a segunda frase para que o seu significado sexa igual ao da primeira utilizando *get/have something done* (cinco frases).
- Completar seis frases coas palabras dunha lista de once palabras descartando seis

End-of-term Test 2

- Ler un texto e contestar tres preguntas con verdadeiro/falso razoando as respostas.
- Contestar cinco preguntas con frases completas.

- Completar cinco frases coa forma correcta duns verbos.
- Elixir entre dous temas A ou B para escribir unha redacción (80-100 palabras).
- escoitar un texto oral e responder oito preguntas escollendo a opción adecuada entre catro posíbeis.

UNIT 7.- Sport

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica neles; un texto oral sobre tres deportes.
- Expresarse e interactuar oralmente de forma comprensíbel, con fluidez e precisión; aprendendo a utilizar estratexias adecuadas ás situacións de comunicación como invitar e aceptar invitacións.
- Ler de forma autónoma textos variados e ser quen de comprender e identificar información xeral e máis específica neles, aprendendo a utilizar diferentes estratexias de lectura como un texto sobre deporte de competición.
- Producir un escrito utilizando fórmulas e expresións traballadas na unidade, así como desenvolvendo certas destrezas na escritura; expresións para organizar a escritura dun ensaio discursivo.
- Entender e aplicar aspectos gramaticais como as oracións de relativo.
- Saber recoñecer e utilizar vocabulario para expresar realidades relacionadas co mundo do deporte.
- Aprender e utilizar verbos e *phrasal verbs*.
- Aprender e practicar a pronuncia das vogais /ə /, /əʊ /, /ɜ : /, /ɑ /.
- Avaliar o progreso e a participación no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

Bloque 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- Observar catro imaxes e responder dúas preguntas. *SB* páx. 84 ex. 1.
- escoitar unha conversa e determinar que tres deportes se mencionan nela. *SB* páx. 84 ex. 2.
- Ler un recadro e corrixir os erros en letra negra en tres frases. *SB* páx. 84 ex. 3.
- Volver escoitar e responder cinco preguntas elixindo a opción adecuada entre catro posíbeis. *SB* páx. 84 ex. 4.
- *Dictation*: escoitar un texto oral sobre o Tour de France e escribir catro frases. *SB* páx. 84 ex. 5.

Speaking

- Completar un diálogo utilizando as frases dunha lista. *SB* páx. 85 ex. 1.
- escoitar un texto oral e comprobar as respostas ao exercicio anterior. *SB* páx. 85 ex. 2.
- Practicar o diálogo do exercicio 1. *SB* páx. 85 ex. 3.
- Elixir unha situación entre dúas posíbeis e escribir un diálogo valéndose das palabras dun recadro. *SB* páx. 85 ex. 4.
- Practicar o diálogo do exercicio anterior. *SB* páx. 85 ex. 5.

Bloque 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Observar tres imaxes A-C e responder dúas preguntas. *SB* páx. 78 ex. 1.
- Ler un texto e escoller, entre catro, tres temas que aparecen no texto. *SB* páx. 78 ex. 2.
- Ler un recadro e inserir catro frases no texto. *SB* páx. 78 ex. 3.
- Reler o texto e contestar cinco preguntas. *SB* páx. 79 ex. 4.

- Responder cinco preguntas escollendo a opción correcta entre catro posibilidades. *SB* páx. 79 ex. 5.
- Atopar no texto as palabras opostas ás dunha lista de seis. *SB* páx. 79 ex. 6.
- Responder tres preguntas. *SB* páx. 79 ex. 7.

Writing

- Relacionar 1-7 con A-G. *SB* páx. 86 ex. 1.
- Traducir as palabras en letra negra. *SB* páx. 86 ex. 2.
- Escoller a alternativa correcta entre dúas posíbeis en seis frases. *SB* páx. 86 ex. 3.
- Ler o encabezamento da tarefa de escritura e responder unha pregunta escollendo entre catro respostas. *SB* páx. 86 ex. 4.
- Ler un escrito sen introdución nin conclusión e responder unha pregunta. *SB* páx. 86 ex. 5.
- Reler o escrito do exercicio anterior e atopar cinco conectores de contraste. *SB* páx. 86 ex. 6.
- Estudar un recadro e dous parágrafos. Colocar os parágrafos ao principio e ao final do escrito do exercicio 5. *SB* páx. 87 ex. 7.
- Completar unha táboa engadindo expresións en letra negra do exercicio anterior. *SB* páx. 87 ex. 8.
- Ler o encabezamento da tarefa de escritura e contestar tres preguntas. *SB* páx. 87 ex. 9.
- Escribir un ensaio utilizando información do exercicio 9 seguindo un plan de redacción. *SB* páx. 87 ex. 10.
- Comprobar o escrito. *SB* páx. 87 ex. 11.
- Corrixir e pasar a limpo. *SB* páx. 87 ex. 12.

Bloque 3 - Coñecemento da lingua

CONCEPTOS

FUNCIONES DA LINGUAXE

- Facer invitacións e responder.
- Falar sobre deporte.

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Defining relative clauses

Non-defining relative clauses

VOCABULARIO

Tema: O deporte

Léxico:

- *Topic vocabulary 1. do aerobics, go ice-skating, play badminton...*
- *Topic vocabulary 2. throw/hit, beat/win, earn/score... end up, build up, stick to...*
- *Word building. Adjective suffixes: -able, -ful, -ive... Preposition + noun phrases: in favour of, for fun, out of order...*

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Ler sete frases A-G e completar unhas regras gramaticais cos pronomes que aparecen en letra negra. *SB* páx. 80 ex. 1.
- Completar sete frases utilizando pronomes relativos. *SB* páx. 80 ex. 2.
- Completar cinco oracións de relativo especificativas (*defining relative clauses*). *SB* páx. 80 ex. 3.
- Ler dúas frases A e B e responder dúas preguntas. *SB* páx. 80 ex. 4.
- Escoller a opción correcta para completar unhas regras gramaticais. *SB* páx. 80 ex. 5.
- Ler seis frases e decidir cales conteñen unha oración de relativo explicativa (*non-defining*) e cales unha especificativa (*defining*). *SB* páx. 80 ex. 6.
- Completar sete frases con *non-defining relative clauses*. *SB* páx. 80 ex. 7.
- Completar oito frases coas propias ideas do alumno. *SB* páx. 81 ex. 8.
- Completar un texto inserindo oito pronomes relativos. *SB* páx. 81 ex. 9.
- Ler dúas regras sobre a omisión de pronomes relativos, relér o texto do exercicio 8 e determinar que pronomes se poden omitir. *SB* páx. 81 ex. 10.

- Completar un texto usando oito pronomes relativos. Determinar se os citados pronomes forman defining ou *non-defining relative clauses*. SB páx. 81 ex. 11.

Vocabulary

- Ler seis anuncios sobre uns cursos deportivos e contestar unha pregunta. SB páx. 77 ex. 1.
- Completar unha táboa cos verbos *do, go e play*. SB páx. 77 ex. 2.
- Engadir doce deportes á táboa do exercicio anterior. SB páx. 77 ex. 3.
- Responder dúas preguntas. SB páx. 77 ex. 4.
- Contestar tres preguntas con tres epígrafes cada unha. SB páx. 77 ex. 5.
- Contestar dúas preguntas. SB páx. 77 ex. 6.
- Elixir a opción correcta en catro frases dobres (A e B) con dúas opcións cada unha. SB páx. 83 ex. 1.
- Completar oito frases utilizando correctamente os verbos en letra negra do exercicio anterior. SB páx. 83 ex. 2.
- Localizar *phrasal verbs* en seis frases e escribir as súas formas de infinitivo. SB páx. 83 ex. 3.
- Relacionar os infinitivos do exercicio anterior con sete significados A-G. SB páx. 83 ex. 4.
- Completar un texto con sete *phrasal verbs* do exercicio 3. SB páx. 83 ex. 5.
- Completar unha táboa de adxectivos con sufixos. SB páx. 82 ex. 1.
- Formar adxectivos a partir de seis palabras. SB páx. 82 ex. 2.
- Completar sete frases utilizando o adxectivo correcto dunha lista. SB páx. 82 ex. 3.
- Estudar unhas regras gramaticais e completar seis frases usando as preposicións dunha lista. SB páx. 82 ex. 4.
- Completar oito frases con nomes ou frases nominais do exercicio anterior. SB páx. 82 ex. 5.

Pronunciation

- Ler catro listas de catro palabras e decidir que palabra non contén o mesmo son cás outras tres. SB páx. 84 ex. 7.

Bloque 4 - Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

- O deporte como fenómeno social.
- A filosofía da competitividade.

3.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

Grammar Revision Unit 7. TRB páxs. 24-25.

Vocabulary Revision Unit 7. TRB páx. 46.

Reading Practice. Unit 7. TRB páx. 60.

Listening Practice Unit 7. TRB páx. 70.

Speaking Practice Unit 7. TRB páx. 80.

Writing Practice Unit 7. TRB páx. 90.

Exam Practice Unit 7 (A e B). TRB páxs. 126-127.

Actividades de ampliación

Actividades del *Workbook Unit 7. WB páxs. 52-58.*

Grammar Extension. Unit 7. TRB páx. 26.

Vocabulary Extension Unit 7. TRB páx. 47.

Extra comprehension. TG páx. 79.

Extra vocabulary. TG páx. 77, 80, 82.

Extra Dictation. TG páx. 87.

Extra activity. TG páx. 86.

4.- AVALIACIÓN

Avaliación formativa

Practice test Unit 7. WB páx. 59.

Progress check Unit 7. SB páx. 88.

Avaliación sumativa

Unit 7 Test. TRB páx. 106.

Criterios de avaliación da unidade

- Ler un texto e responder catro preguntas usando frases completas.

- Completar cinco frases cun pronome relativo.
- Unir cinco pares de frases para formar *defining* e *non-defining relative clauses*.
- Completar seis frases con *phrasal verbs* dunha lista.

UNIT 9.- Music

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica neles; un programa de radio sobre unha instrumentista.
- Expresarse e interactuar oralmente de forma comprensíbel, con fluidez e precisión; aprendendo a utilizar estratexias adecuadas ás situacións de comunicación como a formulación de peticións e a resposta a estas.
- Ler de forma autónoma textos variados e ser capaz de comprender e identificar información xeral e máis específica neles, aprendendo a utilizar diferentes estratexias de lectura nun texto sobre a relación da tecnoloxía co mundo da música.
- Producir un escrito utilizando fórmulas e expresións traballadas na unidade, así como desenvolvendo certas destrezas na escritura; expresións para organizar a escritura dun ensaio de opinión.
- Entender e aplicar aspectos gramaticais como o infinitivo e o xerundio.
- Saber recoñecer e utilizar vocabulario para expresar ideas e feitos relacionados co mundo da música.
- Aprender e utilizar vocábulos relacionados coas artes.
- Aprender e practicar a pronuncia dos sons /ʃ /, /θ / e /tʃ /.
- Avaliar o progreso e a participación no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

Bloque 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- Responder unha pregunta. *SB* páx. 108 ex. 1.
- Ler un extracto dunha revista de programación de radio e escoller unha entre catro opcións. escoitar o programa de radio ao que se refire o artigo e comprobar. *SB* páx. 108 ex. 2.
- Responder oito preguntas escollendo unha entre catro posíbeis respostas. *SB* páx. 108 ex. 3.
- Ler un recadro e comprobar as respostas do exercicio anterior. *SB* páx. 108 ex. 4.
- *Dictation*: escoitar dúas veces unha descrición da cantante pop Shakira e escribir catro frases. *SB* páx. 108 ex. 5.

Speaking

- Completar un diálogo utilizando as palabras e frases dunha lista. *SB* páx. 109 ex. 1.
- escoitar un texto oral e comprobar as respostas ao exercicio anterior. *SB* páx. 109 ex. 2.
- Practicar o diálogo do exercicio 1. *SB* páx. 109 ex. 3.
- Elixir unha situación entre dúas posíbeis e escribir un diálogo utilizando as palabras e frases dun recadro. *SB* páx. 109 ex. 4.
- Practicar o diálogo do exercicio anterior. *SB* páx. 109 ex. 5.

Bloque 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Observar unhas imaxes e responder dúas preguntas. *SB* páx. 102 ex. 1.
- Ler un texto por encima e relacionar os parágrafos A-E coas descricións 1-5. *SB* páx. 102 ex. 2.
- Ler un recadro e relacionar catro palabras do texto do exercicio dous 1-4 con catro sinónimos máis comúns A-D. *SB* páx. 102 ex. 3.
- Simplificar tres frases do texto do exercicio 2 dividindo cada unha polo menos en dúas frases tomando como modelo unha frase-exemplo. *SB* páx. 102 ex. 4.

- Reler o texto do exercicio 2 e completar cinco frases coas propias ideas do alumno. *SB* páx. 103 ex. 5.
- Responder cinco preguntas elixindo entre catro a opción correcta. *SB* páx. 103 ex. 6.
- Atopar no texto do exercicio 2 seis palabras ou frases a partir dos seus significados. *SB* páx. 103 ex. 6.
- Responder unha pregunta. *SB* páx. 103 ex. 7.

Writing

- Ler un texto e responder unha pregunta. *SB* páx. 110 ex. 1.
- Completar unha táboa cos conectores en letra negra do exercicio 1. *SB* páx. 110 ex. 2.
- Engadir sete conectores á táboa do exercicio anterior e responder unha pregunta. *SB* páx. 110 ex. 3.
- Escoller a alternativa correcta entre dúas en seis frases. *SB* páx. 110 ex. 4.
- Completar un recadro con sete epígrafes ordenados. *SB* páx. 110 ex. 5.
- Ler o encabezamento da tarefa de escritura e escoller unha entre catro opcións. *SB* páx. 110 ex. 6.
- Seleccionar varios dos elementos dunha lista de cinco. *SB* páx. 110 ex. 7.
- Ler seis opinións 1-6 e responder dúas preguntas. *SB* páx. 110 ex. 8.
- Completar unha táboa con ideas propias do alumno. *SB* páx. 111 ex. 9.
- Ler un ensaio e relacionar catro parágrafos A-D con catro descrições 1-4. *SB* páx. 111 ex. 10.
- Reler o ensaio do exercicio anterior e responder tres preguntas. *SB* páx. 111 ex. 11.
- Ler o enunciado da tarefa de lectura e responder unha pregunta. *SB* páx. 111 ex. 12.
- Determinar se seis opinións están de acordo co postulado do exercicio anterior. *SB* páx. 111 ex. 13.
- Utilizar a táboa do exercicio 9 para decidir o vocabulario que hai que utilizar. *SB* páx. 111 ex. 114.
- Escribir un ensaio utilizando como referencia información dos exercicios 13 e 14. *SB* páx. 111 ex. 15.
- Comprobar o escrito. *SB* páx. 111 ex. 16.
- Corrixir e pasar a limpo. *SB* páx. 111 ex. 17.

Bloque 3 - Coñecemento da lingua

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Expresar opinión.
- Facer plans.

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

O xerundio

O infinitivo

Be used to/get used to

VOCABULARIO

Tema: A música

Léxico:

- *Topic vocabulary 1. perform, release, manage...*
- *Topic vocabulary 2. Artists and the arts: musician, sculptor, stunt person... draw, cast, play live...*
- *Word building. Adjectives + ed/ing. Nouns from verbs bored/boring, excited/exciting, disappointed/disappointing... argue/argument, appear/appearance, perform/performance...*

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Ler un texto e unhas regras gramaticais e relacionar uns xerundios do texto en letra negra con tres formas de uso A-C. *SB* páx. 104 ex. 1.
- Transformar cinco frases utilizando a forma de xerundio de cinco verbos. *SB* páx. 104 ex. 2.
- Completar seis frases coas propias ideas do alumno utilizando un xerundio en cada caso. *SB* páx. 104 ex. 3.

- Ler un texto e unhas normas gramaticais e relacionar uns infinitivos do texto con tres formas de uso A-C. *SB* páx. 104 ex. 4.
- Completar cinco frases coas ideas propias do alumno usando un infinitivo en cada ocasión. *SB* páx. 104 ex. 5.
- Ler oito frases e engadirlle a unha táboa os infinitivos que aparecen en letra negra. *SB* páx. 105 ex. 6.
- Engadir doce verbos á táboa do exercicio anterior. *SB* páx. 105 ex. 7.
- Completar seis frases utilizando un infinitivo ou un xerundio. *SB* páx. 105 ex. 8.
- Escribir cinco preguntas utilizando un infinitivo ou un xerundio en cada ocasión. *SB* páx. 105 ex. 9.
- Responder as preguntas do exercicio 9 usando un infinitivo ou un xerundio en cada resposta. *SB* páx. 105 ex. 10.
- Ler dúas frases e completar dúas regras gramaticais. *SB* páx. 106 ex. 11.
- Responder unha pregunta. *SB* páx. 105 ex. 12.
- Escoller entre dous a opción correcta en seis frases. *SB* páx. 106 ex. 12.

Vocabulary

- Ler unha páxina de Internet e responder unha pregunta. *SB* páx. 101 ex. 1.
- Estudar unhas palabras subliñadas e contestar dúas preguntas. *SB* páx. 101 ex. 2.
- Copiar e traducir os verbos en letra negra da páxina de Internet do exercicio anterior. *SB* páx. 101 ex. 3.
- Relacionar 1-6 con A-F. *SB* páx. 101 ex. 4.
- Responder dúas preguntas. *SB* páx. 101 ex. 5.
- Clasificar as palabras dunha lista segundo a súa relación coa música, coa arte, coa literatura ou co cine. *SB* páx. 107 ex. 1.
- Tratar de atopar máis palabras que lle engadir á clasificación do exercicio anterior. *SB* páx. 107 ex. 2.
- Completar cinco frases con vocabulario do exercicio 1- *SB* páx. 107 ex. 3.
- Elixir as opcións correctas para completar unha táboa. *SB* páx. 107 ex. 4.
- Completar un cuestionario de cinco preguntas con verbos ou nomes do exercicio 4. Tratar de responder ao maior número posíbel de preguntas. *SB* páx. 107 ex. 5.
- Ler dúas frases A e B e contestar dúas preguntas. *SB* páx. 106 ex. 1.
- Completar un texto inserindo seis infinitivos ou xerundios. *SB* páx. 106 ex. 2.
- Ler unhas normas gramaticais, volver ao texto das páxs. 102-103 e completar unha táboa con cinco formas nominais duns verbos. *SB* páx. 106 ex. 3.
- Escribir as formas nominais dos sete verbos dunha lista. *SB* páx. 106 ex. 4.
- Completar sete frases usando substantivos dos exercicios 3 e 4. *SB* páx. 106 ex. 5.

Pronunciation

- Ler tres palabras da entrevista de radio da páxina 108, exercicio 2 e elixir unha palabra que conteña o mesmo son entre tres opcións A, B ou C. *SB* páx. 108 ex. 6.

Bloque 5 - Dimensión social das linguas

CONCEPTOS

- Concepción social da arte.
- As novas tecnoloxías e a súa dimensión social.
- As descargas ilegais de Internet.

3.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

Grammar Revision Unit 9. TRB páxs. 30-31.

Vocabulary Revision Unit 9. TRB páx. 50.

Reading Practice. Unit 9. TRB páx. 62.

Listening Practice Unit 9. TRB páx. 72.

Speaking Practice Unit . TRB páx. 82.

Writing Practice Unit 9. TRB páx. 92.

Exam Practice Unit 9 (A e B). TRB páxs. 130-131.

Actividades de ampliación

Actividades del *Workbook Unit 9. WB* páxs. 68-74.

Grammar Extension. Unit 9. TRB páx. 32.
Vocabulary Extension Unit 9. TRB páx. 51.
Extra vocabulary. TG páx. 106.
Extra activity. TG páx. 101.

4.- AVALIACIÓN

Avaliación formativa

Practice test Unit 9. WB páx. 75.
Progress check Unit 9. SB páx. 112.

Avaliación sumativa

Unit 9 Test. TRB páx. 108.
End-of-year Test 1. TRB páxs. 109-110.
End-of-year Test 2. TRB páxs. 111-112.

Criterios de avaliación da unidade

Unit 9 Test

- Ler un texto e determinar se catro afirmacións son verdadeiras ou falsas.
- Completar cinco frases cos verbos dunha lista en infinitivo e xerundio.
- Completar a segunda frase para que signifique o mesmo cá anterior (cinco frases).
- Completar seis frases coa forma correcta dunhas palabras en letra negra.

End-of-Year Test 1

- Ler un texto e decidir se tres frases son verdadeiras ou falsas.
- Elixir a opción correcta en tres preguntas de comprensión con tres posibilidades cada unha.
- Atopar catro palabras ou frases no texto do primeiro exercicio partindo dos seus significados.
- Transformar a segunda frase para que signifique o mesmo cá primeira (cinco frases).
- Escribir un ensaio elixindo un entre dous temas posíbeis A ou B (80-100 palabras).
- Contestar oito preguntas tras escoitar un texto oral.
- Describir dúas fotografías.
- Por parellas, debater sobre un tema.

End-of-year Text 2

- Ler un texto e responder dúas preguntas escollendo entre dúas a opción correcta.
- Contestar tres preguntas usando oracións completas.
- Atopar cinco palabras ou frases no texto do primeiro exercicio partindo dos seus significados.
- Completar cinco frases cunha palabra apropiada.
- Escribir unha redacción sobre dous temas que hai que elixir A ou B (80-100 palabras).
- Escoitar un texto oral e responder oito preguntas.
- Describir unha fotografía.
- Conversar cun compañeiro para establecer un acordo sobre onde ir de vacacións partindo de dúas posturas diferentes.

3.2 Bacharelato 2.

Neste curso incidiremos de maneira mas exhaustiva nos aspectos que a continuación se mencionan, de modo que os nosos alumnos adquiran o dominio da linguaxe que se require ó finalizar o bacharelato, tendo en conta o estudiado con anterioridade e a necesidade de superar as PAAU.

O estilo indirecto foi o aspecto gramatical que decidimos deixar de dar en 1º por falta de tempo, polo que este ano incidiremos de maneira máis exhaustiva neste aspecto. Por outra banda, e tendo en conta as novas esixencias das PAAU, faremos máis traballo de “listening” do que xa viñamos facendo (probas de audición propiamente ditas e proxección de películas con ficha de traballo axeitadas ó nivel do alumnado).

Os contidos temporizaranse en torno a dúas unidades e media nas dúas primeiras avaliacións e dúas na terceira avaliación. Non vai ser posible dar as oito unidades completas, polo que se seleccionarán aqueles aspectos que máis necesitarán os alumnos para afrontar con éxito o exame de Selectividade.

PROGRAMACIÓN DE CONTIDOS POR UNIDADES.

REVIEW

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Entender e aplicar aspectos gramaticais como os tempos verbais

2.- CONTIDOS

Bloque 3 - Coñecemento da lingua

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Tenses review

Presnt tenses

Past tenses

Future forms

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Ler un diálogo, responder unha pregunta e completar tres frases. *SB* páx. 5 ex. 1.
- Ler doce frases destacadas do diálogo do exercicio anterior e relacionalas cuns tempos verbais A-L. *SB* páx. 5 ex. 2.

- Completar unhas normas gramaticais cos nomes dos tempos verbais de presente. *SB* páx. 6 ex. 1.
- Escoller a opción correcta en oito frases. *SB* páx. 6 ex. 2.
- Completar un texto co presente simple ou co presente continuo. *SB* páx. 6 ex. 3.
- Ler seis frases e corrixir erros en cinco delas. *SB* páx. 6 ex. 4.
- Completar seis frases coa forma de pretérito perfecto dos verbos dunha lista. *SB* páx. 6 ex. 5.
- Escribir catro preguntas a partir das súas respostas. *SB* páx. 6 ex. 6.
- Escoller entre dúas posibilidades a opción correcta en sete frases. *SB* páx. 6 ex. 7.
- Completar unhas regras gramaticais escollendo entre tres posibilidades a opción correcta. *SB* páx. 7 ex. 1.
- Completar seis frases co pasado simple ou co pasado continuo duns verbos. *SB* páx. 7 ex. 2.
- Completar seis frases co pasado simple ou co pretérito perfecto duns verbos. *SB* páx. 7 ex. 3.
- Unir cinco pares de frases usando un verbo en pretérito imperfecto e outro en pretérito pluscuamperfecto. *SB* páx. 7 ex. 4.
- Escoller entre dúas posibilidades a opción correcta en seis frases. *SB* páx. 7 ex. 5.
- Escoller entre dúas opcións a alternativa correcta en seis frases. *SB* páx. 7 ex. 6.
- Escribir palabras en orde correcta para formar tres frases. *SB* páx. 7 ex. 7.
- Completar catro normas gramaticais coas palabras e frases dunha lista. *SB* páx. 8 ex. 1.
- Escribir catro frases con *going to*. *SB* páx. 8 ex. 2.
- Ler un recadro e responder tres preguntas usando o presente continuo. *SB* páx. 8 ex. 3.
- Escoller entre dúas opcións a alternativa correcta en seis frases. *SB* páx. 8 ex. 4.
- Ler a información dun recadro e escribir cinco frases usando o futuro continuo. *SB* páx. 8 ex. 5.
- Responder unha pregunta escribindo cinco frases usando o futuro perfecto. *SB* páx. 8 ex. 6.

3.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

Grammar Revision Review Unit . *TRB* páxs. 6-10.

Actividades de ampliación

Actividades del *Workbook Unit* . *WB* páxs. 4-9.

Extra grammar. *TG* páx. 6.

UNIT 1.- Student life

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica neles; texto oral sobre cursos universitarios.
- Expresarse e interactuar oralmente de forma comprensíbel, con fluidez e precisión; aprendendo a utilizar estratexias adecuadas ás situacións de comunicación como conversar sobre a vida universitaria.
- Ler de forma autónoma textos variados e ser capaz de comprender e identificar información xeral e máis específica neles, aprendendo a utilizar diferentes estratexias de lectura nun texto sobre o rendemento dos sexos na educación.
- Producir un escrito utilizando fórmulas e expresións traballadas na unidade, así como desenvolvendo certas destrezas na escritura; expresións para organizar a escritura dun ensaio con argumentos a favor e en contra.
- Entender e aplicar aspectos gramaticais como as oracións de relativo.
- Saber recoñecer e utilizar vocabulario para expresar temas do mundo da educación.
- Aprender e utilizar vocabulario relacionado co mundo da universidade.
- Aprender e practicar a entoación na frase.
- Avaliar o progreso e a participación no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

Bloque 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- Observar catro fotografías e responder tres preguntas. *SB* páx. 16 ex. 1.
- escoitar un texto oral e responder unha pregunta. *SB* páx. 16 ex. 2.
- Ler un recadro e responder tres preguntas. *SB* páx. 16 ex. 3.
- Volver escoitar o texto do exercicio 2 e responder cinco preguntas elixindo a opción correcta entre catro. *SB* páx. 16 ex. 4.
- *Dictation*: escoitar un texto oral e responder unha pregunta. *SB* páx. 16 ex. 5.
- Volver escoitar o texto do exercicio anterior e escribir catro frases. *SB* páx. 16 ex. 6.

Speaking

- escoitar un texto oral e responder unha pregunta. *SB* páx. 17 ex. 1.
- Completar un diálogo utilizando as frases dunha lista. *SB* páx. 17 ex. 2.
- Volver escoitar o texto oral do exercicio 1 e comprobar as respostas ao exercicio anterior. *SB* páx. 17 ex. 3.
- Practicar o diálogo do exercicio 2. *SB* páx. 17 ex. 4.
- Elixir unha situación entre dúas posíbeis e escribir un diálogo utilizando as palabras e frases dun recadro. *SB* páx. 17 ex. 5.
- Practicar o novo diálogo. *SB* páx. 17 ex. 6.

Bloque 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Ler un recadro, o título e o primeiro e último parágrafo dun texto. Estudar tres opcións A, B e C e determinar cal delas reflicte mellor o tema do texto. *SB* páx. 10 ex. 1.
- Ler por encima o texto completo do exercicio anterior e tratar de completar seis frases. *SB* páx. 10 ex. 2.
- Reler o texto con atención e comprobar as respostas do exercicio anterior. *SB* páx. 10 ex. 3.
- Responder cinco preguntas escollendo a resposta correcta entre catro opcións. *SB* páx. 11 ex. 4.
- Responder unha pregunta. *SB* páx. 11 ex. 5.
- Atopar seis palabras ou frases no texto do exercicio 1 a partir duns significados. *SB* páx. 11 ex. 6.
- Contestar tres preguntas razoando as respostas. *SB* páx. 11 ex. 7.

Writing

- Ler A, B e C e contestar catro preguntas 1-4. *SB* páx. 18 ex. 1.
- Responder seis frases escollendo a alternativa correcta entre dúas opcións. *SB* páx. 18 ex. 2.
- Completar catro frases coas propias ideas do alumno. *SB* páx. 18 ex. 3.
- Ler o enunciado da tarefa de escritura. Apuntar dúas vantaxes e dous inconvenientes. *SB* páx. 18 ex. 4.
- Ler un ensaio e responder unha pregunta. *SB* páx. 18 ex. 5.
- Reler o ensaio do exercicio e localizar dous conectores de adición. *SB* páx. 18 ex. 6.
- Ler un recadro, reler o texto do exercicio 5 e responder tres preguntas. *SB* páx. 19 ex. 7.
- Observar dúas fotografías e responder unha pregunta razoando a resposta. *SB* páx. 19 ex. 8.
- Ler o enunciado da tarefa de escritura e decidir se as frases 1-8 están a favor ou en contra do tema do enunciado. *SB* páx. 19 ex. 9.
- Elixir dúas frases do exercicio anterior a favor do tema e dous en contra e engadir as propias ideas do alumno. *SB* páx. 19 ex. 10.
- Escribir unha redacción utilizando información do exercicio anterior seguindo un plan de redacción. *SB* páx. 20 ex. 11.
- Comprobar o escrito. *SB* páx. 20 ex. 12.
- Corrixir a redacción e pasala a limpo. *SB* páx. 20 ex. 13.

Bloque 3 - Coñecemento da lingua

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Dar información.
- Expresar opinión.

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Defining and non-defining relative clauses.

Who's and whose.

VOCABULARIO

Tema: A educación

Léxico:

- *Topic vocabulary 1. revise, marks, cheat...*
- *Topic vocabulary 2. False friends: career, college, lecture...*
- *Word building. Prefixes: anti-, mis-, re-... Adjective + preposition: addicted to, keen on, famous for.*

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Ler sete frases A-G prestándolles especial atención aos pronomes en letra negra e responder cinco preguntas. *SB* páx. 12 ex. 1
- Completar dúas regras gramaticais escollendo a opción correcta e responder unha pregunta acerca do omisión dos pronomes relativos. *SB* páx. 12 ex. 2.
- Completar seis frases con pronomes relativos e responder unha pregunta. *SB* páx. 12 ex. 3.
- Completar cinco frases coas propias ideas do alumno usando pronomes relativos cando sexa necesario. *SB* páx. 12 ex. 4.
- Ler dúas frases e escoller a alternativa correcta para formular tres regras gramaticais. *SB* páx. 12 ex. 5.
- Completar cinco frases con pronomes relativos e engadindo comas onde sexa necesario. *SB* páx. 12 ex. 6.
- Ler un texto e relacionar tres pronomes en letra negra con tres definicións A-C. *SB* páx. 13 ex. 7.
- Completar seis frases usando *who*, *who's* ou *whose*. *SB* páx. 13 ex. 8.
- Reler as seis frases do exercicio anterior e responder dúas preguntas. *SB* páx. 13 ex. 9.
- Determinar se seis oracións de relativo nun texto 1-6 son especificativas (*defining*) ou explicativas (*non defining*) e engadir comas onde sexa necesario. *SB* páx. 13 ex. 10.
- Transformar dez frases usando un pronome e unha oración de relativo. *SB* páx. 13 ex. 11.

- Completar oito frases coas propias ideas do alumno. *SB* páx. 13 ex. 12.

Vocabulary

- Ler un artigo dunha publicación escolar e responder tres preguntas. *SB* páx. 9 ex. 1.
- Completar un encrucillado con vocabulario relativo á educación. *SB* páx. 9 ex. 2.
- Ler un recadro e un texto con oito palabras en letra negra e responder unha pregunta. *SB* páx. 15 ex. 1.
- Relacionar as oito palabras en letra negra do texto do exercicio anterior 1-8 con oito significados A-H. *SB* páx. 15 ex. 2.
- Ler un texto e escoller entre oito opcións con dúas alternativas cada unha. *SB* páx. 15 ex. 3.
- Relacionar 1-7 con A-G. *SB* páx. 14 ex. 1.
- Completar unha táboa de palabras con prefixo con vocabulario do texto das páxinas 10-11. *SB* páx. 14 ex. 2.
- Completar sete frases usando prefixos do exercicio anterior. *SB* páx. 14 ex. 3.
- Ler unhas normas gramaticais e completar unha táboa de sete adxectivos coa súa correspondente preposición. *SB* páx. 14 ex. 3.
- Completar seis frases utilizando adxectivos e preposicións do exercicio anterior. *SB* páx. 14 ex. 5.
- Completar seis frases coas ideas do alumno utilizando unha preposición correcta en cada caso. *SB* páx. 14 ex. 6.

Pronunciation

- Escoitar catro frases e determinar se a entoación é crecente ou decrecente. *SB* páx. 16 ex. 7.
- Responder unha pregunta. *SB* páx. 16 ex. 8.

Bloque 4 - Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

- A educación como preparación para desempeñar postos na sociedade.

3.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

Grammar Revision Unit 1. TRB páxs. 11-12.

Vocabulary Revision Unit 1. TRB páx. 36.

Reading Practice. Unit 1. TRB páx. 54.

Listening Practice Unit 1. TRB páx. 64.

Speaking Practice Unit 1. TRB páx. 74.

Writing Practice Unit 1. TRB páx. 84.

Exam Practice Unit 1 (A e B). TRB páxs. 114-115.

Actividades de ampliación

Actividades del *Workbook Unit 1. WB* páxs. 10-16.

Grammar Extension. Unit 1. TRB páx. 13.

Vocabulary Extension Unit 1. TRB páx. 37.

Extra comprehension. TG páx. 13.

Extra vocabulary. TG páx. 9, 11, 14, 15.

Extra language practice. TG páx. 18.

Extra Dictation. TG páx. 13.

4.- AVALIACIÓN

Avaliación formativa

Practice test Unit 1. WB páx. 17.

Progress check Unit 1. SB páx. 20.

Avaliación sumativa

Unit 1 Test. TRB páx. 96.

Criterios de avaliación da unidade

- Ler un texto e responder cinco preguntas usando frases completas.
- Completar cinco frases con pronomes relativos.
- Unir cinco pares de frases mediante pronomes relativos.
- Completar as palabras en letra negra de cinco frases cun prefixo adecuado.

UNIT 2.- It's a date

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica neles; unha entrevista sobre relacións sentimentais.
- Expresarse e interactuar oralmente de forma comprensíbel, con fluidez e precisión; aprendendo a utilizar estratexias adecuadas ás situacións de comunicación como falar sobre cine.
- Ler de forma autónoma textos variados e ser capaz de comprender e identificar información xeral e máis específica neles, aprendendo a utilizar diferentes estratexias de lectura como un texto sobre unha relación a través de Internet.
- Producir un escrito utilizando fórmulas e expresións traballadas na unidade, así como desenvolvendo certas destrezas na escritura; expresións para organizar a escritura dun diálogo.
- Entender e aplicar aspectos gramaticais como os verbos modais.
- Saber recoñecer e utilizar vocabulario para expresar temas como o amor e as relacións persoais.
- Aprender e utilizar vocabulario sobre as relacións de parella.
- Aprender e practicar a pronuncia do son /ə/.
- Avaliar o progreso e a participación no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

Bloque 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- Ler un recadro e a introdución a unha entrevista de radio e responder unha pregunta. *SB* páx. 28 ex. 1.
- Facer unha sesión de brainstorming para atopar palabras e frases relacionadas coas relacións de parella. *SB* páx. 28 ex. 2.
- escoitar un texto oral e completar catro frases. *SB* páx. 28 ex. 3.
- Volver escoitar o texto oral do exercicio anterior e responder cinco preguntas elixindo a opción correcta entre catro en cada unha. *SB* páx. 28 ex. 4.
- Responder unha pregunta elixindo un ou varios dos temas dun recadro e razoar a resposta. *SB* páx. 28 ex. 5.
- *Dictation*: escoitar un texto oral e escribir tres frases. *SB* páx. 28 ex. 6.

Speaking

- Completar un diálogo utilizando as frases dunha lista. *SB* páx. 29 ex. 1.
- escoitar un texto oral e comprobar as respostas do exercicio anterior. *SB* páx. 29 ex. 2.
- Practicar o diálogo do exercicio 1. *SB* páx. 29 ex. 3.
- Observar tres imaxes A-C e responder unha pregunta. *SB* páx. 29 ex. 4.
- Escribir un diálogo utilizando as palabras e frases dun recadro. *SB* páx. 29 ex. 5.
- Practicar o diálogo do exercicio anterior. *SB* páx. 29 ex. 6.

Bloque 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Responder unha pregunta escollendo ideas dunha lista. *SB* páx. 22 ex. 1.
- Ler por encima un texto e responder unha pregunta. *SB* páx. 22 ex. 2.
- Reler o texto do exercicio anterior e completar catro preguntas. *SB* páx. 22 ex. 3.
- Ler un recadro e tres comezos de frase e responder unha pregunta. *SB* páx. 22 ex. 4.
- Ler unha frase en letra negra e responde tres preguntas. *SB* páx. 23 ex. 5.
- Reler o texto do exercicio 2 e determinar se, segundo o devandito texto, cinco frases son verdadeiras ou falsas razoando as respostas. *SB* páx. 23 ex. 6.
- Transformar dúas frases seguindo dous consellos. *SB* páx. 23 ex. 7.
- Relacionar sete definicións 1-7 con palabras e frases do texto do exercicio 2. *SB* páx. 23 ex. 8.

- Responder unha pregunta razoando a resposta. *SB* páx. 23 ex. 9.

Writing

- Ler un recadro contendo regras gramaticais e identificar respostas curtas nun diálogo. *SB* páx. 30 ex. 1.
- Relacionar seis preguntas 1-6 con seis respostas curtas A-F. *SB* páx. 30 ex. 2.
- Responder catro preguntas con respostas curtas. *SB* páx. 30 ex. 3.
- Ler un recadro e relacionar A-E con cinco exemplos 1-5. *SB* páx. 30 ex. 4.
